



Concello de Xunzo de Limia

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/1	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

27 de febreiro de 2025

Duración:

Desde las 10:05 hasta las 12:15

Lugar:

Salón de Plenos do Concello

Presidida por:

Amador Diaz Penin

Secretario:

Marta María Gómez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
34985977X	ANTONIO FERNANDEZ VEIGA	SÍ
34997410N	Amador Diaz Penin	SÍ
76730752S	CAMILO VILA GARCIA	SÍ
44481550X	CRISTINA CAMPERO DORADO	SÍ
34729730Y	Carlos Gomez Salgado	SÍ
76726643T	Carlos López Montero	SÍ
34995266F	MANUEL POZO FARIÑAS	SÍ
34953793A	Maria de los Angeles Martinez Marra	SÍ
34954787P	RAMON GOMEZ SALGADO	SÍ
44459813P	Rafael Penabad Gonzalez	SÍ
76709485T	Ricardo Sieiro Opazo	SÍ
44485126K	VICTOR RODRÍGUEZ AVILÉS	SÍ
34944140X	elvira LAMA fernandez	SÍ

Asisten *a Interventora dona Mónica Legaspi Díaz e a Adxunta a Secretaría dona M^a Dolores Fernández Salgado.*

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.





Concello de Xinzo de Limia

A) PARTE RESOLUTIVA	
Aprobación da acta da sesión anterior	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

O **Sr. Presidente** pregunta aos asistentes se existe algunha obxección á acta da sesión celebrada o día **05/12/2024**.

Sometida a votación **resulta aprobada por unanimidade a acta referida**.

Expediente 7300/2022. Conformidad al Proyecto de Construcción “Mejora de la travesía de Xinzo de Limia, vías peatonales y ciclistas sostenibles en la N-525, pp.kk. 197+060 a 200+000. Provincia de Ourense”:	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Consta no expediente o Ditame da **Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Mobilidade**, do día 24/02/2025, do seguinte teor literal:

“(…) Vista la **Propuesta de Alcaldía**, de fecha 17/02/2025, del siguiente tenor literal:

“(…) Visto acuerdo plenario de fecha 1 de diciembre de 2023 cuya parte dispositiva es del siguiente tenor literal:

“1. Tomar conocimiento del Proyecto de “**HUMANIZACIÓN DE LA TRAVESÍA DE XINZO DE LIMIA EN LA N-525, PP.KK.197+060 A200+000** y anunciar al Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana la aceptación de la propuesta de entrega del tramo que se reciba, si bien la transferencia de titularidad no será plenamente efectiva hasta que las obras hayan sido recibidas de conformidad por el Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana y el Ministro de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana dicte la resolución de transferencia de titularidad del tramo.

2. Solicitar la inclusión en el referido Proyecto de actuaciones en relación al drenaje de pluviales, red de saneamiento y red de abastecimiento, así como, en lo que se refiere a la red de saneamiento, solicitar la reposición de las acometidas domiciliarias necesarias para conectar las redes a las viviendas existentes, actuaciones todas ellas a realizar entre los PP.KK. 198+675 al 200+000, para lo cual se facilitará desde los servicios de urbanismo del Ayuntamiento la documentación oportuna con la colaboración de la empresa concesionaria.

3. Comunicar el presente acuerdo al Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.”

Visto Proyecto de Construcción “Mejora de la travesía de Xinzo de Limia, vías peatonales y ciclistas sostenibles en la N-525, pp.kk. 197+060 a 200+000. Provincia de Ourense” aprobado en fecha 27/05/2024 por el Director General de Carreteras.

Viso informe técnico municipal emitido en sentido favorable.

PROPONGO

ÚNICO. Prestar conformidad al Proyecto de Construcción “Mejora de la travesía de Xinzo de Limia, vías peatonales y ciclistas sostenibles en la N-525, pp.kk. 197+060 a 200+000. Provincia de Ourense” y notificar el presenta acuerdo al Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana*. (…)”

Sin producirse debate la propuesta resulta **dictaminada favorablemente, por unanimidad, con la siguiente propuesta de acuerdo:**





Concello de Xinzo de Limia

ÚNICO. Prestar conformidade al Proyecto de Construcción “Mejora de la travesía de Xinzo de Limia, vías peatonales y ciclistas sostenibles en la N-525, pp.kk. 197+060 a 200+000. Provincia de Ourense” y notificar el presenta acuerdo al Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana. (...)”

O Sr. Alcalde abre a quenda de intervencións:

O Sr. Camilo Vila García manifesta seu apoio ao punto da orde do día se ben puntualiza que é preciso buscar unha alternativa ó tráfico pesado.

A Sra. Elvira Lama Fernández manifesta que se trae ó plenario un proxecto para executar unha obra na vía principal de Xinzo de Limia cun orzamento superior a catro millóns de euros que vai ser unha realidade a partir do mes de xuño no que deben comezar as obras para ser rematadas nun prazo dun ano.

O Sr. Alcalde en relación ó manifestado polo Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego indica que parte do tráfico pesado xa non está circulando por Xinzo de Limia e que o obxectivo é traballar nun proxecto neste eido.

Tras el debate, la propuesta resulta **aprobada, por unanimidad, adoptándose el siguiente acuerdo:**

ÚNICO. Prestar conformidade al Proyecto de Construcción “Mejora de la travesía de Xinzo de Limia, vías peatonales y ciclistas sostenibles en la N-525, pp.kk. 197+060 a 200+000. Provincia de Ourense” y notificar el presenta acuerdo al Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.

Expediente 598/2025. Moción do Grupo Municipal Socialista para reparación rúas Casco Vello:	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Consta no expediente o Ditame da **Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Obras e Mobilidade**, do día 24/02/2025, do seguinte teor literal:

“(…) Vista a moción presentada polo **Grupo Municipal Socialista**, do seguinte teor literal:

“(…) No mes de decembro unha representación dos veciños do Barrio vello de Xinzo reuníanse co alcalde para expoñerlle a problemática coa que conviven a diario, roturas do patrimonio privado e publico, rúidos, carreiras de vehículos, lixo e excrementos nas portas dos seus domicilios e o estado das rúas...

Son numerosas as queixas dos veciños e veciñas deste barrio o respecto do estado máis que lamentable que presentan numerosas rúas, as denominadas no rúeiro da vila como Serras; de Queixa, de Manzaneda, do Larouco, Alto do Furriolo, Rúa do Padrón, o barrio do Regueiro entre outras.

Queixas están ben fundadas polo deterioro no firme, e tamén polos altercados e actos de vandalismo que se producen nas fins de semana, sendo este barrio o punto de encontro da festa de noite e dos establecementos de ocio nocturno. Os veciños piden vixilancia, limpeza, facer cumprir horarios, e tamén unha rúas decentes. Xa ó facían durante o anterior mandato, e daquela as mais que limitadas partidas orzamentarias de 300.000€ para investimentos para todo o concello, Xinzo vila e 22 parroquias, impedían atender tódolos pedimentos.

Este goberno Axil-PP ten prometido o Plan Hurbe da Xunta de Galicia, que non acaba de chegar, e nese plan non están contempladas obras nestas rúas máis pequenas que non estaban no proxecto do 2022... Polo que no suposto de que se consiga, as actuacións destas rúas quedarían pendentes de





Concello de Xinzo de Limia

acondicionar e tamén os servizos que van soterrados.

A día de hoxe están aprobados os orzamentos da Deputación de Ourense para o 2025, co novo Plan Cooperou, que contempla unha partida de 377.824,62€ para o concello de Xinzo de Limia. Unha achega importante que en boa medida se podería destinar, entre outras cousas, para acometer as reformas e o acondicionamento desta rúas mencionadas.

No caso de non poder acometer as obras en tódalas rúas que o necesitan, tamén se pode facer por fases, no caso de ter que renovar redes de saneamento, abastecemento, telefonía ou outros subministres, seguindo as consideración dos técnicos de urbanismo e a vontade do grupo de goberno.

Por todo o exposto e no entendemento de que son actuación que merecen atención prioritaria, sometemos a debate e aprobación a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO.

1.-Que o concello de Xinzo faga o proxecto para a reforma e acondicionamentos das rúas do barrio de Abaixo mencionadas no escrito.

2.-Que o Concello de Xinzo destine os recursos necesarios e suficiente do Plan CooperOU para este proxecto.

3.-No caso de que o importe do proxecto supere o importe do Plan CooperOU 2025, contemplar a posibilidade de facelo por fases. (...)”

Sen producirse debate a moción resulta **ditaminada favorablemente, por unanimidade, coa seguinte proposta de acordo:**

1.-Que o concello de Xinzo faga o proxecto para a reforma e acondicionamentos das rúas do barrio de Abaixo mencionadas no escrito.

2.-Que o Concello de Xinzo destine os recursos necesarios e suficiente do Plan CooperOU para este proxecto.

3.-No caso de que o importe do proxecto supere o importe do Plan CooperOU 2025, contemplar a posibilidade de facelo por fases. (...)”

O Sr. Alcalde abre a quenda de intervencións:

A **Sra. Elvira Lama Fernández** da lectura a moción.

O **Sr. Camilo Vila García** anuncia o seu voto a favor, manifestando que dado que o Plan HURBE está tardando moito en materializarse, é un alivio que se poidan acometer parte das obras cos fondos do COOPEROU, os cales que puideron acadarse tras anos de reivindicación por parte da oposición.

O **Sr. Ramón Gómez Salgado** comeza a súa intervención aludindo a existencia de dúas actuacións distintas. Por unha banda, prevese unha actuación relativa ó Plan HURBE que comezou sendo un proxecto por aproximadamente 300.000 euros, ampliouse posteriormente ata aproximadamente 800.000 euros e agora pasa de dous millóns de euros ó ampliarse as rúas obxecto da actuación e por mor da imposición da Xunta de Galicia relativa ó soterramento dos subministres, motivos todos eles que motivaron que actualmente se estea redactando un novo proxecto. Por outra banda, prevese unha actuación relativa o resto do Barrio de Abaixo no que non se fai obra algunha dende hai décadas e cuxo proxecto ascende a máis de 300.000 euros e está redactando pola enxeñería Durán. Continúa a súa intervención indicando que nas reunións que se mantiveron cos veciños puxéronse de manifesto non só as eivas nas rúas, senón tamén en materia de seguridade e en limpeza, motivo polo que se implementaron tres





Concello de Xinzo de Limia

cámaras e bandas redutoras en diversas rúas, incrementouse a presenza policial e todos os luns procédese á limpeza con medios propios.

O Sr. **Alcalde** remata a quenda de intervencións manifestando que o PLAN URBE será unha realidade.

Tralo debate a proposta resulta **aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

1.-Que o concello de Xinzo faga o proxecto para a reforma e acondicionamentos das rúas do barrio de Abaixo mencionadas no escrito.

2.-Que o Concello de Xinzo destine os recursos necesarios e suficiente do Plan CooperOU para este proxecto.

3.-No caso de que o importe do proxecto supere o importe do Plan CooperOU 2025, contemplar a posibilidade de facelo por fases.

Expediente 1141/2025. Moción do Grupo Municipal do BNG para a xestión municipal dos Conservatorios:	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Consta no expediente o Ditame da **Comisión Informativa de Cultura, Turismo, Educación e Relacións Institucionais**, do día 24/02/2025, do seguinte teor literal:

“(…) Vista a moción presentada polo **Grupo Municipal do BNG**, do seguinte teor literal:

“(…) EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza existe unha rede de Conservatorios con ensinanzas especiais no ámbito musical regradas e que as competencias son asumidas polos concellos onde se atopan situados, aínda tendo alumnado que reside nos concellos próximos ou incluso de vilas onde os conservatorios da Xunta se atopan sen prazas vacantes dos instrumentos escollidos polas estudantes. Amais temos centros que reciben estudantes do país veciño, Portugal.

Este é o caso de 23 conservatorios en todo o País. Comezando por Xinzo de Limia, replícase esta circunstancia en concellos tan diversos como Tui, O Barco de Valdeorras, Vilagarcía de Arousa, Carballiño, Redondela, Pontearreas, Viveiro, Carballo, Cangas ou Monforte de Lemos entre outros, que deben asumir a xestión e o custo practicamente completo dos centros educativos de Música, con titulación oficial e regrada, no Grao Profesional e que dependen directamente da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP.

Deste xeito, danse unha serie de circunstancias absurdas e contraditorias que só teñen o obxectivo claro, por parte da administración autonómica, de non asumir a competencia propia da Consellaría de Educación e así evitar os custos que supón o mantemento, dotacións e recursos, tanto materiais (instrumentos por exemplo) e dos docentes e non docentes do cadro de persoal.

Non parece apropiado que un concello asuma o custo desta etapa formativa ao alumnado matriculado no Conservatorio cando a súa residencia está noutro concello. Tampouco debiera suceder que teña que facerse cargo do custe da contratación dun programa informático concreto que xestione as actas, solicitude de títulos... de xeito normalizado segundo os criterios da Consellaría.

Por outra parte, o alumnado matriculado nos conservatorios municipais están nunha situación clara de discriminación con respecto ao alumnado de conservatorios dependentes da Xunta e situados nas cidades (Vigo, Pontevedra, Santiago, A Coruña, Ferrol, Ourense ou Lugo), por cuestión do importe das taxas, que nos centros municipais sempre son maiores por mor do custo do servizo, recollido en





Concello de Xinzo de Limia

ordenanzas municipais, aínda que non cobren unha mínima parte do necesario, permitido polas Intervencións Municipais por considerarse un servizo de interese xeral.

Tampouco, estes centros municipais, teñen acceso ás listaxes de profesorado da Consellaría para a substitución de baixas laborais, permisos ou vacacións, ou incluso para cubrir vacantes, dándose en numerosas ocasións situacións de imposibilidade de cobertura das mesmas e a consecuente falta de atención docente ao alumnado. Estas clases perdidas son practicamente imposible de recuperar por cuestión de horarios e incompatibilidade do alumnado con outros estudos ou actividades.

Por outra parte, os concellos onde se atopan estes centros educativos Municipais, teñen unha longa tradición de agrupacións de diferentes ámbitos musicais e unha gran demanda de prazas, polo que non é factible a súa desaparición e peche.

Polo tanto, este posicionamento por parte do Goberno da Xunta de Galiza con respecto ao abandono das súas competencias está xerando un espolio de recursos dos Concellos. Estes asumen a xestión e gastos que xeran servizos como as Escolas Infantís, Residencias de Maiores, Colexios no rural, Servizo de Axuda no Fogar, e un longo etc., minguando dese xeito os recursos orzamentarios en millóns de euros e deixando de executar actuacións, servizos e obras que si son competencia propia da administración local.

ACORDOS

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG de Xinzo de Limia propón ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:

Instar ó Goberno galego a:

1. Asumir as súa competencia con respecto aos Conservatorios con titulacións oficiais, xestionar e costear o servizo educativo na súa totalidade: mantemento, dotacións, materiais educativos e instrumentos, persoal docente e non docente.
2. En tanto planifican, asumir a competencia dos conservatorios municipais galegos, convocar axudas aos concellos que cubran os custos da súa xestión, colaborar na substitución ou cobertura de prazas vacantes do persoal docente mediante as listaxes da Consellaría de Educación e proporcionar as ferramentas informáticas que se precisen.
3. Crear unha rede de conservatorios profesionais de música, agrupando os centros por comarcas, de acordo a criterios territoriais de proximidade, así como de poboación total, tendo en conta unha oferta equilibrada territorialmente e atendendo aos datos de poboación e propostas dos diferentes Concellos.
4. escoitar previamente ás direccións dos centros e as comunidades educativas e aos Concellos para avanzar no obxectivo de que pasen a ser Conservatorios da Xunta de Galiza. (...)"

*Tralo debate a moción resulta ditaminada **favorablemente, por unanimidade, coa seguinte proposta de acordo:***

Instar ó Goberno galego a:

- 1. Asumir as súa competencia con respecto aos Conservatorios con titulacións oficiais, xestionar e costear o servizo educativo na súa totalidade: mantemento, dotacións, materiais educativos e instrumentos, persoal docente e non docente.**
- 2. En tanto planifican, asumir a competencia dos conservatorios municipais galegos, convocar axudas aos concellos que cubran os custos da súa xestión, colaborar na substitución ou cobertura de prazas vacantes do persoal docente mediante as listaxes da Consellaría de Educación e proporcionar as ferramentas informáticas que se precisen.**
- 3. Crear unha rede de conservatorios profesionais de música, agrupando os centros por**





Concello de Xinzo de Limia

comarcas, de acordo a criterios territoriais de proximidade, así como de poboación total, tendo en conta unha oferta equilibrada territorialmente e atendendo aos datos de poboación e propostas dos diferentes Concellos.

4. Escoitar previamente ás direccións dos centros e as comunidades educativas e aos Concellos para avanzar no obxectivo de que pasen a ser Conservatorios da Xunta de Galiza. (...)

O Sr. Alcalde abre a quenda de intervencións:

Antes de pasar á lectura da moción, **o Sr. Camilo Vila García** pregunta que é o que podemos facer para conseguir que a Xunta de Galicia asuma a competencia do conservatorio pois nas comisións informativas foi unánime o calificativo de “marabilloso” ante a proposta plantexada. Seguidamente procede a dar lectura á moción omitindo o punto tres da parte dispositiva da mesma por ser unha proposta plantexada na comisión informativa.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** comeza a súa intervención indicando que esta proposta xa é unha iniciativa vella que foi plantexada en diversas ocasións dende hai máis de 25 anos. Neste senso indica que só os conservatorios profesionais das capitais de provincia son xestionados pola Xunta de Galicia, o que supón un agravio comparativo cos conservatorios profesionais do resto de concellos, que na provincia de Ourense son os de Verín, Carballiño, Barco de Valdeorras, Ribadavia e Xinzo de Limia, os cales xa están na rede de conservatorios pero cuxos custos asume o respectivo Concello, concretamente, en Xinzo de Limia o custo é de máis de medio millón de euros, recibindo unha subvención o abeiro do Plan COOPEROU dende o ano pasado de 50.000 euros por Concello, partida que non foi aumentada este ano. Remata a súa intervención desexando que a Xunta de Galicia se faga cargo de todos os conservatorios de grao profesional a fin de evitar o agravio comparativo.

O Sr. Alcalde manifesta que sería marabilloso que a Xunta de Galicia asumise a competencia e puntualiza que a pesar de ser un servizo moi deficitario está moi orgulloso do Conservatorio polo que quere recordar a necesidade de fomentar o correcto empadroamento dos veciños a fin de que os moitos servizos que se prestan en Xinzo de Limia sexan sostibles economicamente. Polo que atinxe a pregunta plantexada polo Concelleiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego manifesta o seu compromiso de reunirse coas alcaldías dos outros concellos con conservatorios de grao profesional a fin de solicitar á Xunta de Galicia que asuma a xestión destes centros de educación regrada.

O Sr. Alcalde abre a segunda quenda de intervencións.

O Sr. Camilo Vila García agradece o apoio e insiste na necesidade de que a Xunta de Galicia asuma a competencia do conservatorio pois a prestación de servizos á poboación garante a supervivencia do rural ao limitar a fuxida demográfica.

Tralo debate a proposta resulta **aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

Instar ó Goberno galego a:

1. Asumir as súa competencia con respecto aos Conservatorios con titulacións oficiais, xestionar e costear o servizo educativo na súa totalidade: mantemento, dotacións, materiais educativos e instrumentos, persoal docente e non docente.

2. En tanto planifican, asumir a competencia dos conservatorios municipais galegos, convocar axudas aos concellos que cubran os custos da súa xestión, colaborar na substitución ou cobertura de prazas vacantes do persoal docente mediante as listaxes da





Concello de Xinzo de Limia

Consellaría de Educación e proporcionar as ferramentas informáticas que se precisen.

3. escoitar previamente ás direccións dos centros e as comunidades educativas e aos Concellos para avanzar no obxectivo de que pasen a ser Conservatorios da Xunta de Galiza.

Expediente 1177/2025. Renovación do Acordo de Irmandamento entre Ponte de Lima e Xinzo de Limia:	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Consta no expediente o Ditame da **Comisión Informativa de Cultura, Turismo, Educación e Relacións Institucionais**, do día 24/02/2025, do seguinte teor literal:

“(…) Vista a Proposta da Alcaldía, de data 17/02/2025, do seguinte teor literal:

“(…) Visto Borrador de Acordo de Renovación do Irmandamento asinado en data 16/04/1984 coa Camara de Ponte da Limia, do seguinte tenor literal:

“(…) Renovación do Acordo de Irmandamento entre Ponte de Lima e Xinzo de Limia

Con motivo da celebración do 900 aniversario da concesión da Foral a Ponte de Lima pola raíña Teresa, o municipio de Ponte de Lima e o municipio de Xinzo de Limia renovan o compromiso asumido polo acordo de irmandamento establecido e asinado o 16 de abril de 1984 e reiteran a vontade de seguir colaborando en todos os ámbitos das súas comunidades, considerando de interese común que:

- As partes estableceran un diálogo fecundo e construtivo para desenvolver relacións de amizade, apoio solidario e colaboración co fin de potenciar mutuamente os recursos culturais, educativos e turísticos e aqueles outros que sexan do interese de ambas partes.

Considerando que:

- os obxectivos nos que as partes basean a decisión de acordar o irmandamento, a partir das experiencias e intercambios xa realizados, son o reforzo do coñecemento mutuo, o afondamento das relacións de confianza e, ao mesmo tempo, o fomento de relacións permanentes de amizade e solidariedade.

- Os obxectivos principais da renovación do acordo son:

- establecer e fortalecer vínculos de amizade e entendemento entre as comunidades e os seus habitantes;*
- promover o intercambio e a participación cidadá, aproveitando as fortalezas e oportunidades de cada municipio;*
- facilitar as visitas recíprocas dos cidadáns, desenvolvendo actividades conxuntas que contribúan a unha maior comprensión e valoración mutuas.*

Así, entre:

O municipio de Ponte de Lima, no presente acto representado polo Ing. Vasco Nuno Magalhães Velho de Almeida Ferraz, con domicilio necesario en Paços do Concelho, en Ponte de Lima, na súa condición de presidente do municipio de Ponte de Lima, persoa xurídica de dereito público número 506 811 913, e no seu disposto no apartado 1 art. 35, do anexo I, da Lei núm. 75/13, do 12 de setembro, na súa redacción vixente, conforme o autorizado polo municipio na sesión do ____ de 2025, por proposta do Consello Municipal do ____ de 2025;





Concello de Xinzo de Limia

E, o municipio de Xinzo de Limia no presente acto representado por o Excmo. Sr. D. Amador Díaz Penín, con domicilio institucional na Casa do municipio de Xinzo de Limia, en Xinzo de Limia, na súa condición de Alcalde Presidente da Corporación Municipal deste municipio en aplicación do establecido no artigo 196 da LOREG, e seu nomeamento no Pleno Extraordinaria de 17 de xuño de 2023, segundo recolle a acta do PLN/2023/9, asinada por o Presidente da Sesión D. Carlos Gómez Salgado e a Secretaria D. Marta María Gómez Ruíz.

A presente renovación do acordo de irmandamento conclúese e rexerese polas seguintes cláusulas:

Cláusula 1

Para acadar os obxectivos sinalados no preámbulo do acordo, as vilas irmandadas comprométese a:

- a) Promover o intercambio de delegacións para explorar áreas de interese común e establecer futuros proxectos de cooperación;*
- b) Organizar encontros que permitan aos cidadáns de ambas as dúas cidades compartir as súas experiencias, tradicións e coñecementos, así como promover a comprensión do patrimonio cultural de cada cidade;*
- c) Nomear un Coordinador de Irmandamento en cada municipio que actuará como punto de contacto permanente entre Xinzo de Limia e Ponte de Lima, facilitando a comunicación e o fluxo de información relevante para as actividades de irmandamento.*

Cláusula 2

1. As Comunidades Irmandadas, recoñecendo a importancia de estreitar os seus vínculos mediante programas conxuntos, comprométese a promover o intercambio en materia de cultura, turismo, medio ambiente, sustentabilidade, iniciativas de cooperación territorial e entendemento mutuo entre os cidadáns de Ponte de Lima e Xinzo de Limia.

2. Estas actividades promoverán o patrimonio común da Unión Europea, fomentarán a participación dos cidadáns e contribuirán á cohesión social e cultural de ambas as comunidades, nos seguintes ámbitos:

- a) Festas e actos culturais;*
- b) Exposicións de arte e patrimonio;*
- c) Talleres e seminarios sobre temas culturais, históricos, turísticos e artísticos nos que participen expertos e académicos de ambas comunidades;*
- d) Visitas guiadas, itinerarios culturais e turísticos;*
- e) Proxectos educativos e visitas de estudo;*
- f) Promoción do patrimonio gastronómico.*
- g) Promoción dos Produtos endóxenos*

Cláusula 3

1. As actividades específicas derivadas de ámbitos prioritarios de cooperación desenvolveranse mediante programas mutuamente acordados.

2. Estas iniciativas buscarán maximizar o beneficio mutuo e fortalecer os lazos entre as comunidades irmandadas fomentando a participación activa dos seus cidadáns.

3. As partes comprométese a facer todo o posible para cumprir cos termos e condicións establecidos nesta renovación do Acordo de Irmandamento, actuando de boa fe en todas as actividades de irmandamento.





Concello de Xinzo de Limia

Cláusula 4

Os municipios irmandados comprométense a:

- a) *Desenvolver e executar conxuntamente programas e actividades que reflectan os obxectivos e ámbitos de cooperación establecidos na renovación do Acordo de Irmandamento, con espírito de colaboración e respecto mutuo;*
- b) *Facilitar o intercambio de información, coñecementos e experiencias relevantes para reforzar as actividades de irmandamento;*
- c) *Promover a participación activa dos seus cidadáns nas actividades de irmandamento, procurando o beneficio mutuo e o enriquecemento cultural de ambas as comunidades.*

Cláusula 5

1. *Esta renovación do acordo de Irmandamento establécese nun marco de colaboración voluntaria entre os Municipios Irmandados e, como tal, non establece obrigas vinculantes para ningunha das partes.*
2. *As actividades propostas realizaranse sempre respectando a autonomía local e a normativa vixente en cada municipio.*
3. *As achegas a programas e actividades acordaranse e xestionaranse segundo a capacidade e vontade de cada parte, sen que supoña creación de obrigas legais e económicas.*
4. *Calquera modificación deste acordo requirirá o mutuo consentimento de ambos, reflectido na sinatura dun acordo adicional.*

Cláusula 6

1. *En caso de discrepancias na interpretación ou aplicación desta renovación do Acordo de Irmandamento, as partes buscarán unha solución amigable mediante o diálogo e a negociación directa.*
2. *Se as discrepancias non puidesen resolverse segundo o disposto no parágrafo anterior, as partes acordan procurar unha mediación neutral antes de proceder a calquera outra forma de resolución de conflitos.*

Cláusula 7

1. *A presente renovación do Acordo de Irmandamento entrará en vigor na data da súa sinatura e permanecerá en vigor ata que unha das partes decida cesar a súa participación, comunicándolle á outra por escrito a súa intención con seis meses de antelación.*
2. *O presente acordo será revisado periodicamente, polo menos unha vez cada cinco anos, para adaptalo ás novas circunstancias e retos e incorporar novos ámbitos de cooperación.*
3. *A extinción do presente acordo non afectará ás actividades en curso, que deberán realizarse de acordo co planeamento aprobado.*

Feito este acordo de irmandamento por cuadruplicado, traducido a cada unha das súas respectivas linguas, sendo ambos os textos igualmente válidos, os representantes dos Municipios Irmandados asinan o presente acordo en Ponte de Lima, Portugal, un exemplar por cada un.

Por medio da presente **PROPOÑO Ó PLENO MUNICIPAL:**

Primeiro.- Aprobar o Acordo de Renovación do Irmandamento asinado en data 16/04/1984 coa Camara de Ponte da Lima.

Segundo.- Designar como Coordinador do Irmandamento por parte do Concello de Xinzo de





Concello de Xinzo de Limia

Limia ó Concelleiro de Cultura.

Terceiro.- Facultar á Alcaldía para a sinatura do presente Acordo de Irmandamento que terá lugar en data tres de marzo dos correntes en acto solemne no municipio de Ponte de Lima.

Cuarto. Notificar o presente á Câmara de Ponte de Lima.(...)”

Sen producirse debate a proposta resulta **ditaminada favorablemente, por unanimidade, coa seguinte proposta de acordo:**

Primeiro.- Aprobar o Acordo de Renovación do Irmandamento asinado en data 16/04/1984 coa Camara de Ponte de Lima.

Segundo.- Designar como Coordinador do Irmandamento por parte do Concello de Xinzo de Limia ó Concelleiro de Cultura.

Terceiro.- Facultar á Alcaldía para a sinatura do presente Acordo de Irmandamento que terá lugar en data tres de marzo dos correntes en acto solemne no municipio de Ponte de Lima.

Cuarto. Notificar o presente á Cámara de Ponte de Lima. (...)”

O Sr. Alcalde abre a quenda de intervencións:

O **Sr. Alcalde** intervén para recordar que xa existe un irmandamento asinado no ano 1984 e que se pretende a renovación do mesmo con motivo do aniversario de 900 anos da Cámara de Ponte da Lima que terá lugar o 3 de marzo aclarando que non poderá acudir en persoa á sinatura por ser Luns de Entroido, motivo polo que delegará a competencia para a sinatura do mesmo no Concelleiro de Cultura don Carlos Gómez Salgado.

O **Sr. Camilo Vila García** manifesta o seu apoio se ben puntualiza que a maiores do acto simbólico esta é unha grande oportunidade para desenvolver un traballo efectivo en diferentes eidos como é o da promoción da lingua galega.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** intervén para adiantar o seu voto a favor esperando que se incrementen os vínculos coa Cámara de Ponte da Limia e transmitindo os parabéns ós veciños.

O **Sr. Carlos Gómez Salgado** intervén para manifestar que é unha honra representar ós veciños e veciñas de Xinzo de Limia no acto de conmemoración dos 900 anos da entrega da carta foral por parte da raíña galega Teresa. Continúa a súa intervención indicando que está de acordo coa necesidade de que dito irmandamento non quede solo nun acto protocolario senón que se plasme nos distintos ámbitos de actuación nos que temos vínculos, por exemplo no ámbito educativo no que xa se están a realizar intercambios.

Tralo debate a proposta resulta **aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

Primeiro.- Aprobar o Acordo de Renovación do Irmandamento asinado en data 16/04/1984 coa Camara de Ponte de Lima.

Segundo.- Designar como Coordinador do Irmandamento por parte do Concello de Xinzo de Limia ó Concelleiro de Cultura.

Terceiro.- Facultar á Alcaldía para a sinatura do presente Acordo de Irmandamento que terá lugar en data tres de marzo dos correntes en acto solemne no municipio de Ponte de Lima.

Cuarto. Notificar o presente á Cámara de Ponte de Lima.





Concello de Xinzo de Limia

Expediente 176/2025. Moción do Grupo Municipal Socialista para ratificar a xestión pública do CAPD de Ourense:

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

Consta no expediente o Ditame da **Comisión Informativa de Servizos Sociais, Igualdade e Saúde**, do día 24/02/2025, do seguinte teor literal:

”(...) Vista a moción presentada polo **Grupo Municipal Socialista**, do seguinte teor literal:

“(...) O pasado día 5 de decembro no pleno desta corporación tódolos grupos que a conforman, Axil, PP, PSdG-PSOE e BNG aprobamos por unanimidade unha moción coas reivindicacións que formularon dende a Plataforma Pro Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (ProCAPD) de Ourense. O mesmo día, o pasado 5 de decembro de 2024 absolutamente todos os grupos políticos con representación na Deputación de Ourense, tanto de goberno coma de oposición, rexistraron unha moción conxunta de “Apoio á xestión pública e directa do CAPD de Ourense”. Partido Popular (PP), Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE), Bloque Nacionalista Galego (BNG) e Democracia Ourensana DO) facíanse eco da “reivindicación e nais e pais de nenos e nenas con discapacidade da provincia de Ourense que, desde setembro do ano 2016, veñen demandando un Centro Público de Xestión Pública e Directa como solución máis axeitada para o futuro d@s seus/súas fill@s, e despois de continuos retrasos e promesas incumpridas”.

O texto da Moción era claro nas súas demandas, con vistas a acelerar a posta en marcha do devandito Centro, chamado a cumprir cuns obrigados requisitos de calidade e de natureza e xestión públicas. O documento recollía pasaxes onde se fincaba como “ao longo destes anos a Deputación (...) apoiou tanto a súa posta en marcha como a súa xestión pública e directa”, “é de xustiza que o centro construído con fondos públicos (...) deba ser xestionado de forma directa pola Xunta de Galicia, como xa fai cos centros das outras provincias” ou “é de xustiza que (o Centro) sexa público de xestión pública e directa porque é o único que garante a igualdade real efectiva, tanto para usuari@s (...) como para traballador@s”. Tales asertos abocaban no primeiro dos puntos de acordo da Moción, que instaba á Consellería de Política Social e Igualdade “a que declare público de xestión pública e directa o CAPD de Ourense”.

A iniciativa conxunta a prol dun CAPD de xestión pública e directa foi debatida no Pleno da Deputación do 20 de decembro de 2024. Eva Gutiérrez, membro da Plataforma ProCAPD, expuxo a loita do colectivo desde o ano 2016 e a urxencia de que Ourense deixe de ser unha excepción en Galicia e conte cun Centro capaz de aportar un servizo de calidade e de xestión totalmente pública. Gutiérrez xa alertou na súa diatriba sobre a ameaza de que a Xunta de Galicia “de un paso atrás” e opte pola privatización das prestacións deixando en mans dun intermediario a explotación do futuro CAPD. Sen diferenzas entre grupos, a Moción foi aprobada de xeito unánime, co voto favorable de todos os partidos. Nas súas conclusións, o presidente Luís Menor facía fincapé no apoio do PP a un CAPD de xestión pública directa “por coherencia co que ocorre cos centros de iguais características no resto de Galicia”.

Despois de meses sen responder ás preguntas sobre o futuro do Centro ourensán realizadas polos grupos de oposición no Parlamento de Galicia e os familiares, a conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, nunha entrevista a un medio de comunicación o 26 de decembro de 2024, anticipou a aprobación cunha licitación da xestión do CAPD de Ourense. Ao día seguinte, 27 de decembro, o Consello da Xunta de Galicia acordaba a tramitación do expediente de gasto para a contratación do servizo de xestión integral do CAPD de Ourense por un valor estimado total de case 14 millóns de euros.

Sancionábase así que o Centro da nosa provincia sería o único de Galicia que non funcione con persoal directamente dependente da administración pública. A reacción do presidente da Deputación e





Concello de Xinzo de Limia

do PP ourensán, Luís Menor, non se fixo agardar, manifestando comprensión e aquiescencia coa decisión da Xunta, malia ser contraria ao sentido da Moción aprobada en Pleno e socavar a pretendida “coherencia” do seu partido, que supedita novamente os intereses da provincia aos de partido.

A decisión de externalizar a xestión contrasta co que insistentemente reclama a Plataforma ProCAPD, a sociedade e o groso de partidos da provincia de Ourense. No ano 2016, na véspera das eleccións autonómicas, todas as formacións políticas firmaron un compromiso para a construción do Centro e a súa futura xestión pública directa. En Ourense xa existen residencias xestionadas por asociacións e/ou fundacións sen ánimo de lucro. O que falta e exige a cidadanía é un CAPD de xestión pública directa como o que xa teñen A Coruña, Pontevedra e Lugo, e que nalgúns destes casos levan xa décadas funcionando. O agravio comparativo coa nosa provincia é flagrante, ao igual que o ataque contra o principio de igualdade das nosas veciñas e veciños. A reacción foi inmediata, apelando a Plataforma ProCAPD a novas mobilizacións para o cumprimento dos compromisos adquiridos.

Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes,

PROPOSTAS DE ACORDO:

PRIMEIRA.- Instar ao Concello de Xinzo de Limia para esixir da Deputación de Ourense o cumprimento dos compromisos adquiridos e ratificar a xestión pública e directa do CAPD de Ourense, tal e como foi subscrito pola unanimidade dos grupos políticos con representación na Corporación Provincial na Moción conxunta “Para o apoio á xestión pública e directa do CAPD de Ourense” aprobada no Pleno do 20 de decembro de 2024.

SEGUNDA.- Instar ao Concello de Xinzo de Limia para esixir da Deputación de Ourense a activa defensa dos intereses da provincia e da súa veciñanza para que adopte as medidas de presión oportunas diante da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia con vistas a desbotar a apertura dun proceso de licitación da xestión do CAPD de Ourense e retomar o compromiso a prol da súa xestión pública e directa.

TERCEIRA.- Instar ao Concello de Xinzo de Limia para esixir, á maior brevidade, a celebración dun encontro entre a conselleira de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia e membros da Plataforma ProCAPD, representantes dos grupos políticos con representación na Deputación de Ourense e o presidente da Corporación Provincial. (...)

Proposta

PRIMEIRA.- Instar ao Concello de Xinzo de Limia para esixir da Deputación de Ourense o cumprimento dos compromisos adquiridos e ratificar a xestión pública e directa do CAPD de Ourense, tal e como foi subscrito pola unanimidade dos grupos políticos con representación na Corporación Provincial na Moción conxunta “Para o apoio á xestión pública e directa do CAPD de Ourense” aprobada no Pleno do 20 de decembro de 2024.

SEGUNDA.- Instar ao Concello de Xinzo de Limia para esixir da Deputación de Ourense a activa defensa dos intereses da provincia e da súa veciñanza para que adopte as medidas de presión oportunas diante da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia con vistas a desbotar a apertura dun proceso de licitación da xestión do CAPD de Ourense e retomar o compromiso a prol da súa xestión pública e directa.

TERCEIRA.- Instar ao Concello de Xinzo de Limia para esixir, á maior brevidade, a celebración dun encontro entre a conselleira de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia e membros da Plataforma ProCAPD, representantes dos grupos políticos con representación na Deputación de Ourense e o presidente da Corporación Provincial. (...)

Sen producirse debate, a moción resulta ditaminada favorablemente, por unanimidade, coa seguinte proposta de acordo:





Concello de Xinzo de Limia

PRIMEIRA.- Instar ao Concello de Xinzo de Limia para esixir da Deputación de Ourense o cumprimento dos compromisos adquiridos e ratificar a xestión pública e directa do CAPD de Ourense, tal e como foi subscrito pola unanimidade dos grupos políticos con representación na Corporación Provincial na Moción conxunta “Para o apoio á xestión pública e directa do CAPD de Ourense” aprobada no Pleno do 20 de decembro de 2024.

SEGUNDA.- Instar ao Concello de Xinzo de Limia para esixir da Deputación de Ourense a activa defensa dos intereses da provincia e da súa veciñanza para que adopte as medidas de presión oportunas diante da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia con vistas a desbotar a apertura dun proceso de licitación da xestión do CAPD de Ourense e retomar o compromiso a prol da súa xestión pública e directa.

TERCEIRA.- Instar ao Concello de Xinzo de Limia para esixir, á maior brevidade, a celebración dun encontro entre a conselleira de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia e membros da Plataforma ProCAPD, representantes dos grupos políticos con representación na Deputación de Ourense e o presidente da Corporación Provincial. (...)”

O Sr. Alcalde abre a quenda de intervencións:

O **Sr. Camilo Vila García** comeza a súa intervención expondo este punto da orde do día en relación con tres temas distintos pero vencellados: o primeiro, relativo á acta do pleno do 5 de decembro do ano 2024 no que se recolle a súa lección ante o apoio do grupo municipal popular á xestión pública e directa do servizo CAPD Ourense o cal finalmente non se materializou; o segundo, vencellando este punto co feito de que os servizos públicos non están garantidos no rural, non só no que atinxe ó servizo público do CAPD, senón tamén no que atinxe a outros servizos como o do Conservatorio, pediatría e mesas electorais, entre outros; e o terceiro, o relativo ós pregos de condicións da licitación que a Xunta de Galicia sacou para a xestión indirecta do servizo que entende que van dirixidos ás grandes empresas do sector.

O **Sr. Alcalde** intervén para manifestar o apoio total como xa se fixo no pleno no seu momento e recorda que este tema excede das competencias municipais,

A **Sra. Elvira Lama Fernández** agradece o apoio da Corporación e manifesta a súa conformidade co exposto polo concelleiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e nese senso indica que os pregos esixen unha elevadísima solvencia económica deixando así fóra a meirande parte das empresas e asociacións do sector, e engade que non é previsible que a Xunta de Galicia retrotraia a situación.

Tralo debate a proposta resulta **aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRA.- Instar ao Concello de Xinzo de Limia para esixir da Deputación de Ourense o cumprimento dos compromisos adquiridos e ratificar a xestión pública e directa do CAPD de Ourense, tal e como foi subscrito pola unanimidade dos grupos políticos con representación na Corporación Provincial na Moción conxunta “Para o apoio á xestión pública e directa do CAPD de Ourense” aprobada no Pleno do 20 de decembro de 2024.

